



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Filosofía do Dereito	Código	612G01026	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	pedro.serna@udc.es	
Profesorado	Crego Blanco, Jorge Rivas Pala, Pedro Seoane Rodriguez, Jose Antonio Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	jorge.crego@udc.es pedro.rivas@udc.es jose.antonio.seoane@udc.es pedro.serna@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia tenta proporcionar unha comprensión global do fenómeno xurídico mediante a revisión crítica das bases históricas, políticas e científicas da paradigma dominante no Dereito contemporáneo. Así mesmo, preténdese poñer ao alcance dos estudantes unha comprensión máis profunda dalgunhas nocións, institucións, procesos e estruturas centrais estudados ao longo da carreira, unificando e sintetizando eses coñecementos. Por tanto, aspírase a levar a cabo un traballo de síntese e de afondamento, tanto histórico como conceptual. Ademais, preténdese introducir aos estudantes no coñecemento e a comprensión das transformacións que afectan ao dereito actual e que obrigan a revisar o paradigma dominante (o positivismo xurídico) e, finalmente, suxerir as liñas básicas dunha filosofía xurídica que permita unha comprensión máis axustada do Dereito do momento presente.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios. Só serán obxecto de avaliación aqueles contidos que efectivamente se desenvolvan nas clases expositivas ou nas sesións de grupos reducidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías previstas. Só variará a contorna de realización, pasando da contorna presencial á contorna en liña.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As sesións maxistras e os seminarios levaranse a cabo en liña a través de Teams. A proba de ensaio manterase igual. Suprimirase a proba parcial escrita.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>a) Campus virtual. Empregarase para poñer ao dispor dos estudantes as presentacións (enriquecidas) dos contidos de cada tema. Isto farase ao comezo das aulas da materia. Tamén se usará para a comunicación xeral cos estudantes. Presumirase que todos os estudantes coñecen o publicado polos profesores no Campus virtual. Así mesmo, subiranse semanalmente as ligazóns ás gravacións das clases expositivas en liña. Finalmente, empregarase para a realización e entrega da proba de ensaio.</p> <p>b) Teams. Empregarase cada semana para as aulas de docencia expositiva (2 horas por cada quenda, excepto as semanas en que estean programadas máis aulas). Estas sesións gravaranse e incluírase unha ligazón ás mesmas no Campus virtual para que os estudantes poidan velas se non puideron conectarse, ou volver velas se hai algo que desexen clarificar. Tamén se empregará para as sesións de grupos reducidos (1 hora semanal por cada grupo reducido). Estas sesións non se gravarán, en principio. Tamén se poderán empregar para sesións de tutorías individuais e grupais con estudantes (o necesario, segundo demanda, ata un máximo de 6 horas semanais). Por último, empregarase para os exames orais, que serán gravados, así como as súas respectivas revisións.</p> <p>c) Correo electrónico. Empregarase para a resolución de dúbidas e a tutoría individual con estudantes e para a comunicación cos delegados. Procurarase responder canto antes, en todo caso dentro do prazo máximo dunha semana.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>O exame final valerá un 50% da cualificación final. Consistirá nun exame oral a través de Teams, que será gravado. Formularanse 3 ou 4 preguntas, elixidas dunha lista que se fará pública coa suficiente antelación, para facilitar a preparación da proba. Os seminarios continuarán valendo o 30% da cualificación final e non variarán os seus criterios de avaliación. A proba de ensaio conservará o seu valor do 20% da cualificación final.</p> <p>Observacións de avaliación: Os estudantes que teñan dificultades para facer a súa presentación nos seminarios conectándose a través de Teams poden, previa comunicación ao profesor responsable do seu grupo reducido, seguir o sistema previsto na guía docente para os estudantes con dispensa de asistencia ás clases. Se xa teñen participado asiduamente ao longo do curso e a dificultade para facer a súa intervención en forma de pregunta ou comentario fose puntual, poderán facela a través do chat de Teams ou enviala por correo electrónico ao profesor. Quen non logre aprobar a parte dos seminarios na oportunidade de maio-xuño, deberá presentarse en xullo realizando as tarefas previstas na guía docente para os estudantes con dispensa de asistencia ás clases. Os estudantes do Programa de simultaneidade do Grao en ADE e Grao en Dereito cursarán a materia no primeiro cuadrimestre. Quen deba presentarse á oportunidade de xullo, e tivese pendente a parte dos seminarios, deberá realizar as tarefas previstas para os estudantes con dispensa de asistencia a clases. Se tivesen pendente a parte teórica, deberán realizar as actividades de avaliación na forma prevista para as mesmas que estea vixente cando se haxan de celebrar (presencial ou en liña).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non están previstas modificacións. Para os estudantes do grupo en lingua inglesa engadiranse documentos ou ligazóns de consulta voluntaria a sitios web onde poderán atopar material de apoio para preparar boa parte do temario exposto nas clases. Procurarase non incrementar a carga de traballo asociada á materia. Para os estudantes en galego/castelán, o</p>
-----------------------------	---



único libro de bibliografía básica, do que é autor o coordinador da materia, subirase en formato .pdf á páxina da materia no Campus Virtual.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A12	Manexo da oratoria xurídica. (Capacidade de expresarse apropiadamente en público).
A14	Capacidade de elaboración de normas.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Aprender a aprender.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir unha visión global do Dereito occidental na Modernidade, das profundas transformacións experimentadas polos sistemas xurídicos contemporáneos, así como dos principais debates actuais sobre a contorna política do Dereito.	A2	B9	C4
	A3	B1	C6
	A4	B2	C7
	A6	B3	
	A10	B5	
	A12		
Desenvolver instrumentos conceptuais e metodolóxicos para a crítica da concepción xeral do Dereito recibida de modo implícito ao longo de toda a carreira.	A2	B6	C4
	A5	B8	C6
	A6	B11	C8
	A8	B1	
	A11	B2	
	A14	B3	



Desenvolver con sentido crítico e de modo creativo a capacidade de argumentación xurídica e ético-política	A4 A8 A10 A11 A12	B8	C1 C4 C6
Coñecer as principais correntes do pensamento filosófico-xurídico sobre a xustiza na súa relación co Dereito, e desenvolver un punto de vista crítico persoal sobre a súa aplicación a debates actuais.	A2 A4 A6 A8 A10 A12	B6 B8 B11 B2	C1 C4 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Filosofía do Dereito como comprensión e como crítica do Dereito contemporáneo.	1. A Filosofía do Dereito como saber histórico. 2. Pensar o propio tempo, tarefa da Filosofía do Dereito. 3. Por onde comezar? O problema do punto de partida. O paradigma dominante como punto de partida: a Modernidade (cultural, política e xurídica) e o positivismo xurídico.
2. Modernidade xurídica e positivismo xurídico.	1. O positivismo xurídico: aproximación descritiva. 2. As bases teóricas e ideolóxicas do Estado moderno. 3. As transformacións do Dereito a partir da Codificación. 4. A aspiración a facer do Dereito unha ciencia: a ciencia xurídica nos séculos XIX e XX.
3. As deficiencias da paradigma positivista.	1. A unilateralidade do concepto positivista de Dereito. 2. As dificultades do positivismo para explicar a práctica xurídica e para proporcionar instrumentos que permitan operar nela. 3. O carácter ideolóxico do cientificismo e a índole necesariamente valorativa da actividade xurídica.
4. O Dereito actual: evolución dos sistemas xurídicos occidentais desde a segunda metade do século XX e comezos do XXI	1. Constitucionalización dos sistemas xurídicos. 2. Superación do marco do Estado e da ecuación Estado-Dereito. 3. O debate sobre as fontes da lexitimidade: ¿democracia vs. rule of Law ou Estado de Dereito? 4. ¿Novos dereitos humanos fronte a dereitos humanos clásicos?
5. Intentos de canalizar a dimensión argumentativa e deliberativa do Dereito.	1. Algunhas teorías da argumentación. Aportacións e límites.
6. Bases para a construción dunha filosofía xurídica capaz de dar conta do Dereito actual.	1. Unha perspectiva hermenéutica fundada ontoloxicamente. 2. O Dereito como forma de coexistencia.



<p>7. As teorías da xustiza e as súas proxeccións nos debates contemporáneos</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. As matrices históricas: utilitarismo, libertarismo, kantismo e aristotelismo. 2. Mercado e moral. 3. A xustiza política e a ética socialdemócrata contemporánea (Rawls). 4. Argumentos a favor e en contra da discriminación positiva. Feminismo e políticas de xénero. 5. A cuestión dos méritos. 6. Virtude cidadá e as esixencias e límites da lealdade: o que nos debemos uns a outros. 7. Xustiza e ben común. 8. Sustentabilidade. 9. A invasión dos mercados sobre a moral: da subrogación do corpo feminino á compra de honras. 10. A débeda norte-sur e a responsabilidade dos países desenvolvidos.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A6 B6 B3 C4 C6	40	42	82
Lecturas	A2 A4 A5 A6 A10 B8 B1 B2 B5 C7	0	15	15
Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	15	18	33
Proba de ensaio	A2 A6 A10 B8 B3 C1 C4	2	5	7
Proba oral	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	1	4	5
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Terán un carácter introductorio aos principais temas da materia, ou ben de recapitulación. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A6, A8 e A14.
Lecturas	O desenvolvemento do pensamento crítico e da aprendizaxe autónoma aconsellan que o estudo estea baseado nunha reflexión directa dos estudantes a partir da lectura de textos clásicos e contemporáneos, así como textos normativos -lexislativos e xurisprudenciais-, referidos a parte dos contidos temáticos da materia. Esta actividade relaciónase coas competencias A4, A6, A10, B1, B3, B4 e C6.
Seminario	Os seminarios celebraranse en grupos reducidos para analizar e debater as cuestións referidas á teoría da xustiza indicadas no tema 7. Esixen participación activa dos estudantes, quen deberán expor e analizar criticamente os textos e as cuestións obxecto de cada sesión. Serven para desenvolver as habilidades argumentativas, orais e escritas, e un pensamento sistemático, creativo e crítico. Esta metodoloxía relaciónase coas competencias A4, A5, A8, A10, B3, B6, C1, C4 e C6.
Proba de ensaio	Esta proba levarase a cabo antes do período de exames, a través do Campus virtual. Con ela preténdese comprobar o nivel de afondamento dos estudantes nos coñecementos do curso, mediante a súa aplicación a textos e documentos, así como o nivel de adquisición das competencias B3, B8 e C4.



Proba oral	<p>Trátase dunha proba que combina proba obxectiva e proba de desenvolvemento. Serán obxecto de avaliación mediante este tipo de proba os contidos de sesións maxistrais, incluíndo as lecturas relacionadas cos contidos dos 6 primeiros temas. Esta actividade relaciónase coas competencias B1, B3, C1 e C6.</p> <p>O profesor responsable da docencia expositiva de cada quenda poderá discrecionalmente combinar esta proba cunha proba escrita de carácter obxectivo, sobre parte da materia, que terá -en caso de ter lugar- carácter liberatorio de materia para quen obteña unha cualificación aprobatoria. Dita cualificación mediará ponderadamente o seu valor coa da proba oral final en función da proporción da materia total sobre a que versase.</p>
------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Lecturas Seminario	<p>Os estudantes poderán consultar ao profesor as dúbidas ou dificultades que xurdan nas sesións maxistrais, lecturas ou seminarios.</p> <p>Poderán facelo en titorías individuais ou en sesións de grupo organizadas ao efecto dentro dos horarios de titorías dos profesores. Tamén existe a posibilidade de resolver dúbidas a través do correo electrónico cando a natureza das mesmas o permita. E tamén existe a posibilidade de levar a cabo tutorías virtuais, individuais ou grupais, a través de Skype, Teams ou outros medios análogos.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A2 A3 A5 A6 A8 A10 B8 B9 B2 B3 C1 C6	A proba empregarase para avaliar a aprendizaxe dos contidos das clases maxistrais e a capacidade de reflexión crítica alcanzada sobre os mesmos. Na parte de proba obxectiva valorarase especialmente a comprensión dos contidos, a capacidade de identificación precisa das respostas ás preguntas e a capacidade de responder con precisión conceptual e lingüística, evitando divagacións e ambigüidades. Nas preguntas que esixan reflexión valorarase, xunto ao anterior, a capacidade de síntese, de identificación dos problemas e de reflexión persoal. A corrección na expresión escrita será relevante na avaliación. A porcentaxe asignada a esta proba será compartida proporcionalmente coa proba obxectiva (exame parcial) cando o profesor decida levala a cabo.	50
Proba de ensaio	A2 A6 A10 B8 B3 C1 C4	<p>Terá carácter individual e realizarase nun tempo limitado, antes do inicio do período de exames, pero xa moi avanzado o curso, a través do Campus virtual. Consistirá en aplicar coñecementos e nocións manexadas no curso a textos e/ou documentos que deberán ser analizados e sobre os cales se solicitará unha reflexión orientada do estudante. Tratarase de mostrar o sentido crítico, a capacidade de reflexión filosófica e a capacidade de argumentación alcanzados ao longo do curso.</p> <p>Na oportunidade de xullo poderase realizar esta proba novamente, pero non será obrigatorio facelo, sexa cal for a cualificación obtida anteriormente. Quen non se presente na primeira oportunidade a esta proba e tampouco o faga en xullo, non obterá puntuación algunha, pero tampouco será penalizado se logra aprobar sumando as cualificacións obtidas nas outras dúas avaliacións da materia (seminarios e proba oral).</p>	20



Seminario	A3 A4 A5 A8 A10 A11 A12 A14 B8 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C8	A avaliación da participación nas sesións de grupo reducido referirase ás exposicións dos estudantes e ás intervencións nos debates posteriores. Nas exposicións poderase obter ata un punto, e valorarase a fluidez expositiva e a capacidade de análise e síntese. En ambas as (exposicións e intervencións) valorarase o dominio dos contidos temáticos, a habilidade argumentativa e a capacidade para contrargumentar e avaliar de maneira ben fundada os diferentes puntos de vista. Polas intervencións poderanse alcanzar ata 2 puntos. Como se trata dunha avaliación continua, considerarase, en primeiro lugar, a calidade das intervencións e, secundariamente, a frecuencia ou número total das mesmas ao longo do curso. A corrección na expresión oral será relevante na avaliación. Como orientación xeral, non se poderá aprobar a avaliación continua se non se realizan 4 ou 5 intervencións de valor significativo en sesións diferentes do seminario.	30
-----------	--	--	----

Observacións avaliación

Para aprobar a materia é preciso que a suma da cualificación obtida na avaliación de todas actividades avaliadas acade os 5 puntos.

Non se sumarán as cualificacións se non se obtén polo menos unha puntuación de 1.2 puntos (sobre os 3 posibles) nos seminarios; e de 3.5 (sobre os 7 posibles) na proba oral e a súa eventual media coa proba parcial.

No caso dos estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas que non poidan participar nas sesións de seminarios, a avaliación das competencias correspondentes aos mesmos (30% da cualificación final) levarase a cabo realizando un traballo escrito sobre algún dos capítulos do libro de M. Sandel empregado para as sesións de seminarios, e mantendo unha conversación oral co profesor encargado do grupo de seminarios correspondente, que versará sobre os restantes capítulos do devandito libro, na que os estudantes deberán mostrar o seu nivel de afondamento nos contidos do texto e de desenvolvemento dun punto de vista crítico. Esta avaliación alternativa realizarase antes de que dea inicio o período de exames finais, en data e hora acordada co profesor, tendo como límite para a entrega do traballo escrito e para a proba oral o día de inicio de cada período de exames.

A esta modalidade alternativa de avaliación poderán acollerse tamén os estudantes que non poidan participar nas sesións de seminarios, por causas xustificadas que deberán ser apreciadas polo profesor responsable de cada grupo de seminarios. Para iso, deberán comunicar ao profesor as circunstancias que xustifiquen a excepcionalidade dentro das dúas primeiras semanas lectivas do cuadrimestre. Se se trata de circunstancias sobrevindas, deberán comunicalas en canto ditas circunstancias se produzan. Os estudantes que se presenten á segunda oportunidade (xullo) conservarán as cualificacións dos seminarios, se se chegou polo menos á puntuación de 1,2 puntos sobre 3. Os estudantes que non logren a puntuación de 1,2 na convocatoria de maio-xuño na avaliación dos seminarios deberán acollerse á avaliación alternativa descrita máis arriba na convocatoria ou oportunidade de xullo. Para quen non alcance a puntuación de 1,5 a renuncia á cualificación dos seminarios terá carácter voluntario. Na oportunidade de xullo, a data de entrega dos traballos e de realización da conversación oral será fixada polos profesores. Non poderá ser posterior ao día do exame oficial fixado para a devandita oportunidade.

O plaxio nun traballo ou a copia nunha proba escrita ou oral supoñe un 0 en dita actividade.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Pedro Serna (2006). Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos. México, D.F.: Porrúa
- Michael J. Sandel (2010). Justice: What's the Right Thing to Do?. London: Penguin
- PARTE TEÓRICA (Sesións maxistras) Pedro Serna, Filosofía del Derecho y paradigmas epistemológicos, México, D.F.: Porrúa, 2006. PARTE PRÁCTICA (Seminarios e sesións de grupo reducido) Michael J. Sandel, Justicia ¿Hacemos lo que debemos? (2009), traducción de Juan Pedro Campos Gómez, Barcelona, Debate, 2011. P. Mercado, ¿Derechos insostenibles?, en J. A Estévez Araújo (ed.), El libro de los deberes, Madrid, Trotta, 2013. M. Balaguer, ¿La maternidad subrogada y el cuerpo de la mujer?, en M. Balaguer, Hij@s del mercado. La maternidad subrogada en un estado social, Madrid, Cátedra, 2017. L. Peña, ¿La deuda histórica del norte con el sur del planeta?, en L. Peña, Estudios republicanos, Madrid, Plaza y Valdés, 2009. M. Sandel, ¿De qué manera los mercados desplazan a la moral?, en M. Sandel, Lo que el dinero no puede comprar. Los límites morales de los mercados, Barcelona, Debate, 2018.



Bibliografía complementaria	<p>- Robert Alexy (2009). A Theory of Legal Argumentation. The Theory of Rational Discourse as Theory of Legal Justification. Oxford: Oxford University Press</p> <p>- John Finnis (2011). Natural Law and Natural Rights. Oxford: Clarendon Law Series</p> <p>- H.L.A. Hart (2012). The Concept of Law. Oxford: Clarendon Law Series</p> <p>- Hans Kelsen (2009). Pure Theory of Law. New Jersey: The Lawbook Exchange</p> <p>- Karl Olivecrona (1971). Law as Fact. London: Sweet & Maxwell</p> <p>- Chaim Perelman (1979). The new rhetoric and the humanities: Essays on rhetoric and its applications. Dordrecht: Springer</p> <p>- John Rawls (1999). A Theory of Justice. Cambridge: Harvard University Press</p> <p>- Robert Nozick (2013). Anarchy, State, and Utopia. New York: Basic Books</p> <p>- Aulis Aarnio (1987). The Rational as Reasonable. A Treatise on Legal Justification. Dordrecht</p> <p>N. Bobbio, El positivismo jurídico, trad. de R. de Asís, Madrid, Debate, 1993. K. Larenz, Metodología de la ciencia del derecho, trad. de M. Rodríguez Molinero, Barcelona, Ariel, 1994. L. Lombardi Vallauri, Corso de Filosofia del Diritto, Padova, Cedam, 1982. A. Ollero, ¿Tiene razón el Derecho?, Madrid, Congreso de los Diputados, 1996. P. Serna (dir.), De la argumentación jurídica a la hermenéutica Revisión crítica de algunas teorías contemporáneas, segunda edición, Granada, Comares, 2005 (reimpr. 2009). Ch. Perelman, La lógica jurídica y la nueva retórica, Madrid, Civitas, 1979. A. Aarnio, Lo racional como razonable, Madrid, CEC, 1991. R. Alexy, Teoría de la argumentación jurídica, Madrid, CEC, 1989. R. Alexy, La institucionalización de la justicia, edición y presentación a cargo de J. A. Seoane, traducción de J. A. Seoane, E. R. Soderoy y P. Rodríguez, Granada, Comares, 2ª ed., 2010. Obras clásicas de referencia Karl Olivecrona, El Derecho como hecho, 2ª ed., Barcelona, Labor. Gustav Radbruch, Introducción a la Filosofía del Derecho, México, FCE. Hans Kelsen, Teoría pura del Derecho, 2ª ed., México, UNAM. H. L. A. Hart, El concepto de Derecho, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Finnis, Ley natural y derechos naturales, Buenos Aires, Abeledo-Perrot. John Rawls, Teoría de la justicia, México, FCE. Robert Nozick, Anarquía, Estado y utopía, México, FCE.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

España na configuración histórico-xurídica de Europa/612G01002
Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003
Teoría do Dereito/612G01006
Dereito da persoa/612G01007
Dereito Penal. Parte xeral/612G01010
Dereito de obrigas e danos/612G01016
Dereito Internacional Público/612G01019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito e biomedicina/612G01040
Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías